

ACTA Nº1 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUN/HA TITOR/A PARA O “Programa de Formación-Emprego Talento Mozo: Xuventude II”**SESIÓN DO 01/09/2026****Asistentes:**

Presidenta: María Mariño Poza

Secretario: Martín Blanco Buceta

Vogal 1: M^a José Fungueiriño Tubío

Vogal 2: Margarita Sampedro Mariño

Vogal 3: M^a Begoña Olveira Sanisidro

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 09:30 horas do 01/09/2026, reúnen os membros do tribunal designado para a selección dun/ha titor/a para o Programa de Formación-Emprego Talento Mozo: Xuventude II.

O anuncio de convocatoria deste proceso selectivo publicouse no BOP da Coruña nº 149 de 07/08/2026, e as correspondentes bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do concello e no taboleiro correspondente do SEPE.

O obxecto desta sesión é a valoración da entrevista persoal das persoas aspirantes definitivamente admitidas a este proceso selectivo segundo resolución de alcaldía de 25/08/2026 así coma a realización da proba de coñecemento da lingua galega.

1.- VALORACIÓN DA ENTREVISTA.

Realizouse unha entrevista a cada persoa candidata na que se valoraron as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

Unha vez realizadas as entrevistas, o tribunal acorda por unanimidade outorgar as seguintes puntuacións segundo se detalla a continuación:

Nº	NOME	PUNTOS ENTREVISTA
1	LETICIA VÁZQUEZ VIGO	4,6
2	LARA GARCÍA SANTAMARÍA	3,9

2.- PROBA DE COÑECAMENTO DA LINGUA GALEGA.

Ambas candidatas acreditaron estar en posesión do CELGA 4, polo que están exentas de realizar a proba de coñecemento da lingua galega.

3.- REALIZACIÓN DA BAREMACIÓN.

O tribunal, por unanimidade, acorda reunirse ás 09,15 horas do 02/09/2026 para a realización da baremación de méritos.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 09:55 horas do día da data, do que eu, secretario do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

María Mariño Poza

Martín Blanco Buceta

M^a José Fungueiriño Tubío

Margarita Sampedro Mariño

M^a Begoña Olveira Sanisidro

